O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do texto fonte e as condicións da encomenda, A3	B4
o que lle permitirá manexar as estratexias de tradución máis apropiadas.	A4

O alumno será capaz de identificar problemas de tradución e solventalos defendendo o seu traballo.	A9 A10 A11 A12 A17 A18 A22	B4 B6 B7 B9 B10 B13 B14 B17
O alumno manexará as fontes de documentación existentes para a tradución galego-inglés e coñecerá a situación do mercado.	A2 A4 A8 A9 A10	B10 B12
O alumno demostrará a súa capacidade de traballo individual e en grupo.	A24 A25 A27 A30 A32	B13 B14 B16 B19 B22 B23

## Contidos

Tema	
Unidade 1. A tradución inversa.	Características da tradución inversa. Tradución e cultura. Estratexias de trasvase na tradución galego-inglés.
Unidade 2. Fontes de documentación para a tradución galego-inglés.	Fontes de documentación trad. galego-inglés. O mercado laboral da tradución galego-inglés (revisión informes, estatísticas, editoriais, organismos...).
Unidade 3. Análise da tipoloxía textual, problemas de trasvase, factores que interveñen, propostas de tradución e a súa xustificación.	3.1. Textos instrutivos 3.2. Textos turísticos 3.3. Textos xornalísticos 3.4. Outros textos: Divulgativos e literarios

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudos/actividades previos	0	16	16
Sesión maxistral	12	24	36
Actividades introdutorias	2	0	2
Titoría en grupo	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	20	20
Traballos de aula	8	0	8
Resolución de problemas e/ou exercicios	22	0	22
Traballos e proxectos	0	30	30
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	12	14

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Estudos/actividades previos	Lectura e análise da bibliografía obrigatoria.
Sesión maxistral	Nestas sesións introducíranse os puntos teóricos que se implementarán mediante diferentes tarefas dentro e fóra da aula para que o alumno adquiera e mellore as súas competencias.
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial dedicarase a explicar os obxectivos, temario, avaliación e metodoloxía docente.
Titoría en grupo	Nas titorías en grupos permitirán o comentario ou revisión das encomendas e entregas obrigatorias.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os aspectos teóricos exercitaranse mediante a realización de diferentes tarefas dun xeito individual e na casa.
Traballos de aula	Formularanse tarefas de todo tipo en base a os obxectivos e competencias pertinentes, o que lle permitirá ao alumno fomentar o espírito crítico, o traballo en equipo e a súa propia aprendizaxe.
Resolución de problemas e/ou exercicios	En grupos ou en parellas os alumnos terán que realizar diversas tarefas para implementar os coñecementos teóricos.

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Metodoloxías</b>	<b>Descrición</b>
Titoría en grupo	Titorías personalizadas para resolver as dúbidas dos alumnos.
<b>Probas</b>	<b>Descrición</b>
Traballos e proxectos	Titorías personalizadas para resolver as dúbidas dos alumnos.

<b>Avaliación</b>		
	<b>Descrición</b>	<b>Cualificación</b>
Resolución de problemas e/ou exercicios	Dúas lecturas obrigatorias individuais establecidas pola profesora (10%) e lectura da novela (5%), actividades individuais ou en grupo de tradución, análise contrastiva de textos, etc (10%). O alumnado terá que entregar todas as tarefas en inglés	25
Traballos e proxectos	Dúas encomendas de tradución individuais cun comentario crítico tradutolóxico escrito en inglés. Data entrega primeira encomenda: 13 de marzo (20%). Data entrega segunda encomenda: 14 de abril (25%).	45
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame final da materia que terá unha parte teórica sobre os contidos da materia (redactada en inglés) e outra práctica. A parte práctica será unha tradución ó inglés na que o alumno xustifique en inglés as súas propostas (con dicionarios e glosarios pero sen ordenador). A parte práctica valerá 7 puntos e a teórica 3. O alumno terá que aprobar cada unha das partes para superar a proba. Data: 4 de maio ás 16.00h (os dous grupos)	30

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A materia é presencial (80% asistencia obrigatoria, salvo casos excepcionais). Se o alumno, por motivos xustificadas, non pode seguir este sistema de avaliación debería renunciar por escrito a dita avaliación o primeiro mes de clase. Nese caso a cualificación será unicamente a cualificación do exame final de maio, o que tamén se aplicará aos alumnos que se presenten ao exame de xullo.

A proba de convocatoria única será o 4 de maio ás 16.00h. A parte teórica versará sobre os contidos da materia e as lecturas obrigatorias establecidas en cada unidade (e a novela obrigatoria). O alumno terá que redactar esta parte en inglés. A parte práctica do exame final será unha tradución ao inglés dun texto que siga a tipoloxía dos contidos da materia, e un comentario crítico tradutolóxico das súas propostas de tradución (redactado en inglés). O alumnado poderá utilizar material de consulta (dicionarios ou glosarios) agás fontes telemáticas. O alumnado terá que superar as dúas partes da proba. A teoría suporá o 30% do exame e a práctica o 70%.

Aos alumnos que sigan a avaliación contínua se lles guardarán as partes superadas para a convocatoria de xullo.

As datas de entrega das encomendas e a proba serán as mesmas para os dous grupos.

Se se detecta que os traballos ou tarefas son plaxios a cualificación será 0.

### **Bibliografía. Fontes de información**

Unidade 1

Campbell, Stuart. 1998. *Translation into the Second Language*. London, New York: Longman.

Grossman, M. et al. 2000. *Translation into Non Mother Tongues. In Professional Practice and Training*. Tübingen: Stauffenburg.

Katan, D. 2004. *Translating cultures*. Manchester: St Jerome. 2<sup>nd</sup> edition.

Kelly, D., A. Martín, M. L. Nobs, D. Sánchez, C. Way (eds.) 2003. *La direccionalidad en Traducción e Interpretación. Perspectivas teóricas, profesionales y didácticas*. Granada: Atrio.

Merino, A. e P. H. Sheeri. 6th ed. 2007. *Manual práctico de traducción inversa español-inglés*. Anglodidáctica.

\_\_\_\_\_ 1991/ 2005. *Text Analysis in Translation. Theory, Methodology and Didactic Application of a Model for Translation-Oriented Text Analysis*. Amsterdam: Ropodi.

Tomalin, B. & S. Stempleski. 2014. *Cultural Awareness*. Oxford: Oxford University Press.

Venuti, L. 2012. *The Translator's Invisibility*. London: Routledge.

Benson, Morton, Evelyn Benson, Robert F. Ilson. 2010. *The BBI Combinatory Dictionary of English: Your Guide to Collocations and Grammar*. John Benjamins.

De Toro, R. 2010. *Breogan's Lighthouse. An Anthology of Galician Literature*. London: Francis Boutle.

Freixeiro Mato, X. R. 2014. *Lingua galega: normalidade e conflito*. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento.

Millán-Varela, C. 2000. "Translation, Normalisation and Identity in Galicia". *Target* 12 (2), 267-282.

Unidade 3

Cortés, C., J. M. Busha Gisbert. 2005. *La traducción periodística*. Universidad Castilla la Mancha.

Gonzalo García, C. & V. García Yebra. 2005. *Manual de Documentación para la traducción literaria*. Arco: Madrid.

Mossop, B. 2014. *Revising and Editing for Translators*. Manchester: St. Jerome.

---

## Recomendacións

---

### Outros comentarios

---

A bibliografía completarase na clase.

O alumno debe ter unha competencia C1 na lingua inglesa.

A planificación poderá modificarse para axustarse á heteroxeneidade dos alumnos.

---



<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Tradución idioma 1, III: Inglés-Español</b>				
Materia	Tradución idioma 1, III: Inglés- Español			
Código	V01G230V01606			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cebro Barreiro, Sabela			
Profesorado	Cebro Barreiro, Sabela Rodríguez García, Mercedes			
Correo-e	sacebro@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es/">http://faitic.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	Esta materia é unha introdución á tradución inversa (español-inglés) que lle permitirá ao alumno consolidar coñecementos previamente adquiridos sobre o proceso de tradución e coñecer as estratexias e fontes de documentación dispoñibles para afrontalo ao tempo que lle permitirá prepararse para a tradución especializada.			

<b>Competencias de titulación</b>	
Código	
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A10	Capacidade de traballo en equipo
A11	Capacidade de deseñar e xerir proxectos
A12	Posuír unha ampla cultura
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
A16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A20	Facilidade para as relacións humanas
A21	Rigor e seriedade no traballo
A22	Destrezas de tradución
A24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
A27	Capacidade de razoamento crítico
A30	Coñecemento de idiomas
A31	Coñecementos de informática profesional e TAC
B4	Resolución de problemas
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B12	Traballo en equipo
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Motivación pola calidade
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B18	Creatividade
B19	Iniciativa e espírito emprendedor
B20	Lideranza
B23	Capacidade de traballo individual

<b>Competencias de materia</b>	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

O alumno será capaz de analizar o xénero e rexistro do texto fonte e as condicións da encomenda, o que lle permitirá manexar as estratexias de tradución máis apropiadas.	A3 A4	B4
O alumno será capaz de identificar problemas de tradución e resolvelos defendendo o seu traballo.	A9 A10 A11 A12 A15 A16 A17 A18 A22 A27 A30 A31	B4 B7 B8 B9 B13 B14 B15 B17 B23
O alumno manexará as fontes de documentación existentes para a tradución español-inglés e conocerá a situación do mercado.	A4 A8 A9 A10 A14	B10 B12 B17
O alumno demostrará a súa capacidade de traballo individual e en grupo.	A11 A20 A21 A24	B8 B14 B16 B18 B19 B20

## Contidos

Tema	
Unidade 1. A tradución inversa.	Características da tradución inversa. Estratexias de trasvase na tradución español-inglés.
Unidade 2. Fontes de documentación para a tradución español-inglés.	Fontes de documentación. A figura do tradutor. O mercado laboral da tradución español-inglés.
Unidade 3. Análise da tipoloxía textual, problemas de tradución, factores que interveñen, propostas de tradución e a súa xustificación.	3.1. Textos instrutivos 3.2. Textos turísticos 3.3. Textos xornalísticos 3.4. Outros textos: divulgativos, publicitarios e literarios

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	4	0	4
Traballos de aula	42	84	126
Traballos e proxectos	0	16	16
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	2	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	A primeira sesión presencial dedicarase a explicar os obxectivos, temario, avaliación e metodoloxía docente; e a resolver posibles problemas de acceso a Fatic. Tamén se explicará o uso da plataforma a aqueles alumnos que non estean familiarizados con ela.
Sesión maxistral	Nestas sesións introduciranse os puntos teóricos que se implementarán mediante diferentes tarefas dentro e fóra da aula para que o alumnado adquira e mellore as súas competencias.
Traballos de aula	Formularanse tarefas individuais e grupais de todo tipo (principalmente de tradución e revisión) en base aos obxectivos e competencias pertinentes, o que lle permitirá ao alumno fomentar o espírito crítico, o traballo en equipo e a súa propia aprendizaxe. Entre as tarefas propostas como parte da materia haberá traducións e revisións para facer de forma autónoma na casa e outras que deberán facer na aula.

## Atención personalizada

Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Titorías personalizadas para resolver calquera dúbida sobre as sesións, as tarefas, a encomenda, etc.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	Asistencia a clase (80% obrigatoria) e participación activa nas actividades propostas. Terase en conta a calidade das actividades e a evolución individual do alumno ao longo da materia.	10
Traballos e proxectos	Encomenda de tradución individual.	40
Probos prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Práctica de tradución na aula sen medios telemáticos.	50

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

A materia é presencial (80% asistencia obrigatoria, salvo casos excepcionais). A entrega de calquera traballo ou tarefa suporá acollerse á avaliación continua. Para aprobar no sistema de avaliación continua o alumno deberá cumprir os requisitos de asistencia obrigatoria, entregar as todas tarefas propostas ao longo do semestre cuns mínimos de calidade, aprobar unha encomenda de tradución e unha proba de tradución na aula sen medios telemáticos (que será o día 4 de maio de 2015 ás 16.00 h, nunha aula por determinar). Aínda que en principio, para aprobar a materia cómpre aprobar todas as probas e traballos, terase en conta a evolución positiva e de mellora do alumnado cara ao final do cuadrimestre. Teranse en conta tamén a participación en clase e a evolución individual do alumno ao longo do cuadrimestre.

Os alumnos que non se acollan a este sistema de avaliación continua deberán facer un exame que terá lugar o día 4 de maio de 2015, ás 16.00 h (nunha aula por determinar). O exame consistirá nunha práctica de tradución na que non se poderán empregar medios telemáticos; só dicionarios e glosarios en papel.

A copia ou plaxio será penalizada.

As condicións de avaliación e as características do exame na convocatoria de xullo serán as mesmas que as explicadas anteriormente para os alumnos que non sigan a avaliación continua.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### Unidade 1

Campbell, Stuart. 1998. *Translation into the Second Language*. Londres, Nueva York: Longman.

Grossman, M. et al. 2000. *Translation into Non Mother Tongues. In Professional Practice and Training*. Tübingen: Stauffenburg.

Katan, D. 2004. *Translating cultures*. Manchester: St Jerome. 2<sup>nd</sup> edition.

Kelly, D., A. Martín, M. L. Nobs, D. Sánchez, C. Way (eds.) 2003. *La direccionalidad en Traducción e Interpretación. Perspectivas teóricas, profesionales y didácticas*. Granada: Atrio.

Merino, J. y P. H. Sheerin. 2002. *Manual práctico de la traducción inversa*. Anglodidáctica.

\_\_\_\_\_. 1991/ 2005. *Text Analysis in Translation. Theory, Methodology and Didactic Application of a Model for Translation-Oriented Text Analysis*. Amsterdam: Ropodi.

Tomalin, B. e S. Stempleski. 1993. *Cultural Awareness*. Oxford: Oxford University Press.

Venuti, L. 1995. *The Translator's Invisibility*. Londres: Routledge.

#### Unidade 2

Crowther, J. 2001. *Oxford Guide to British and American Culture*. Oxford: Oxford University Press.

Somers, H. L. (Ed.) 2003. *Computers and translation: a translator's guide*. Amsterdam: John Benjamins.

#### Unidade 3

Cortés, C., J. M. Busha Gisbert. 2005. *La traducción periodística*. Universidad Castilla la Mancha.

Gonzalo García, C. & V. García Yebra. 2005. *Manual de Documentación para la traducción literaria*. Arco: Madrid.

Mossop, B. 2001. *Revising and Editing for Translators*. Manchester: St. Jerome.

---

**Recomendacións**

---

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Tradución idioma 1, II: Inglés-Español/V01G230V01503

---

**Outros comentarios**

---

A planificación poderá modificarse para axustarse a heteroxeneidade dos alumnos.

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Tradución idioma 1, III: Francés-Galego**

Materia	Tradución idioma 1, III: Francés- Galego			
Código	V01G230V01607			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo			
Correo-e	ocampo@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://www.paratraduccion/ocampo">http://http://www.paratraduccion/ocampo</a>			
Descrición xeral	<p>Traducir do galego para o idioma I, neste caso o francés, non é unha destreza máis no proceso de formación do alumnado, senón unha esixencia de mercado, e un xeito eficaz de autoconecerse como profesionais da tradución. A mecánica do curso consiste en adquirir novas parcelas de competencias grazas ó coñecemento do medio traducible e grazas á progresiva mellora das capacidades de redacción na lingua francesa. A materia vai deseñada para formar nun perfil de xeneralista da tradución, é dicir de profesional da tradución independente, capaz de intervir nun abano moi amplo de especialidades. Coa tradución xeral propónse un modo de aprendizaxe que insiste nas fases iniciais dos proxectos e permite encetar textos de calquera especialidade. Un alumnado que saiba da diversidade das encargas e coñeza o abano de estratexias que pode desenvolver para enfrontarse a elas é un alumnado motivado para perfeccionar os produtos finais que se lle esixan nas ensinanzas do 4º curso de grao.</p>			

**Competencias de titulación**

Código	
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpressión
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A17	Capacidade de tomar decisións
A28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

**Competencias de materia**

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Iniciar á tradución de textos gl>fr e mellorar a competencia na práctica da tradución.	A2	B22
Desenvolveranse competencias tales como a adquisición dun método persoal de traballo orientado ás necesidades da tradución gl>fr, a identificación de erros e a xestión das súas consecuencias e a mellora do grao de concentración nas tarefas encomendadas.	A8 A14 A17	
Mellorar a competencia escrita en lingua francesa.	A3 A4 A13	B1 B2
Coñecer as condicións do mercado profesional da tradución gl>fr. Desenvolveranse competencias encamiñadas a adquirir e empregar a metalinguaxe propia do habitus profesional da tradución no espazo francófono, e a tomar decisións axeitadas a un contexto profesional.	A9	B7 B8
Afondar no autoconhecimento e na confianza nun mesmo. Desenvolveranse competencias encamiñadas a coñecer a capacidade de traballo real e avaliar e controlar o grao de autoexplotación.	A8 A28	B15 B16

<b>Contidos</b>	
Tema	
Présentation	A materia no contexto dos estudos de grao / Obxectivos do curso, metodoloxía, actividades e sistema de avaliación.
Bilan de compétences	Valoración / Diagnóstico individual das fortalezas e das debilidades tradutivas do alumnado / Traducións dirixidas
Habilités I : gérer l'erreur	A falsa noción de problema en tradución / Incoherencias, fallas de cohesión, erros de tipo léxico e de rexistro / Clasificación das dificultades segundo a súa prioridade de intervención / Os erros involuntarios dos falsos erros e estratexia de tradución correspondente / Técnicas para neutralizar as dificultades irresolubles, dentro dun prazo de entrega fixado.
Expertise I : la correspondance privée et commerciale	Tradución da correspondencia privada e comercial / Pautas de revisión profesional monolingüe e bilingüe / Traducións dirixidas / Encargos de tradución para traballo autónomo.
Repères I : Ponthus et Sidoine	Galicia como referencia xeopolítica no prisma francés.
Expertise II : l'agro-alimentaire	O sector agroalimentario. Traducións con emprego de memorias de tradución, de ser o caso / Traducións dirixidas / Encargos de tradución para traballo autónomo.
Habilités II : langue, conventions et marché(s)	Anticipación mediante o contraste das propiedades semánticas e da estrutura léxica e sintáctica das dúas linguas / Sensibilización ás dificultades da tradución dende un sistema deficitario en rexistros / Convencións ortotipográficas do francés / Iniciación á linguaxe das profesións da tradución en Francia.
Repères II : de la baie de Vigues à la ville d'Aurech	Afrancesamentos malogrados / Androllas e gabachos: o francés na lingua popular galega / Potencial na linguaxe publicitaria.
Expertise III : le domaine technique	Tradución de textos técnicos. Con emprego de memorias de tradución, de ser o caso / Traducións dirixidas / Encargos de tradución para traballo autónomo.
Repères III : les manières de table	Interpretar a sintaxe, a morfoloxía e a semántica dos usos sociais.
Expertise IV : le tourisme	Tradución de textos turísticos / Aproveitamento do potencial discursivo do francés / Tratamento dos nomes propios / Fontes documentais / Análise do contexto paratradutivo das encargos / Traducións dirixidas / Encargos de tradución para traballo autónomo.
Repères IV : debrúllate ti	Para as persoas galegas migrantes, axentes vivos das características do sistema cultural galego, habitar en territorio francófono significou expoñer a súa lingua o os seus mapas mentais á épreuve de l'étranger que supuña a adaptación á paisaxe lingüística local. Deste xeito, o galego falado na emigración francófona, chámesele galisién, galego de París ou francego, volveuse poroso e optou por regras de creación discursiva, escollas e interpretacións do mundo de sorprendente homoxeneidade, que coinciden coas estratexias desenvolvidas por outras comunidades romances. Malia estas características, esta lingua segue a ser un patrimonio descoñecido e xeralmente ignorado polos estudos galegos. Esta unidade introduce á capacidade tradutiva desenvolvida polo galisién como medium eficaz entre os ámbitos do galego e do francés.
Expertise V : l'assermentation	Introdución á modalidade xurada / Habitus e tradución xurada no ámbito gl>fr / Formatos e dimensión material dos produtos / Traducións dirixidas.
Travail de terrain	Os parámetros para efectuar a saída de campo dependerán da dispoñibilidade do alumnado e dos recursos.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Sesión maxistral	11	16	27
Obradoiros	11	16	27
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	17	43	60
Saídas de estudo/prácticas de campo	3	9	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	16	20

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición
------------

Actividades introductorias	As actividades introductorias consisten na sesión de presentación, no inicio do semestre. Nela exporase a posición da materia no contexto dos estudos de grao, os obxectivos do curso, a metodoloxía, as actividades e o sistema de avaliación.
Sesión maxistral	O formato de clase maxistral está indicado para transferir coñecementos e sensibilizar o alumnado sobre temas tanto xerais como transversais. Serven para iniciar á metalinguaxe asociada ás destrezas precisas nesta materia, a compartir unha reflexión sobre a contorna socioeconómica que sustenta o mercado da tradución gl>fr, a transmitir formas de adquisición da información e de comprensión do sentido. Serve para estruturar contidos dos temas máis teóricos, ou que precisan desenvolvementos narrativos máis longos e completos, como as explicacións sobre o historial das relacións e intermediacións entre galego e francés.
Obradoiros	Os obradoiros son a principal ferramenta diagnóstica. Neles propóranse traducións dirixidas, co fin de tentar a competencia tradutora do alumnado. Ó mesmo tempo, as traducións dirixidas permitirán familiarizarse co método de traballo e de avaliación do profesor. Ademais propóranse exercicios de anticipación para reforzar a capacidade de toma de decisión. Deste xeito tentarase (1) promover a anticipación como método de traballo, (2) desenvolver a creación discursiva, (3) mellorar a autoconfianza do estudante. Os exercicios de anticipación consistirán, por exemplo, en (1) exercicios de tradución de títulos ocios e títulos plenos, (2) tradución de fragmentos de cronolectos en francés, ou de textos no que se deba trasladar a información icónica e visual, (3) tradución dirixida de textos con ruído ou incompletos.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Corresponde coa realización de encargos de tradución. Todas as encargos propostas proveñen do mercado real e consisten na tradución gl>fr de textos de volume calibrado, que non se viron en clase mais que pertencen á temática vinculada ó ámbito de especialidade correspondente. Esta é a principal ferramenta metodolóxica do curso, malia que o título (resolución de problemas) sexa contrario ós termos da guía desta materia, pois nela preferírase falar de "dificultades" e non de "problemas". Con esta metodoloxía o alumnado tratará de construír el só as súas traducións para o francés. Esta autonomía responde ó nivel de responsabilización que se lle esixe ó alumnado, e que se plasma en tomas de decisión individuais e na capacidade para aterse a criterios desenvolvidos a medida que progresa o seu traballo de tradución. Algunhas fases contarán coa intervención directa do profesor (previos, "briefings", contextualización, atención personalizada en caso de dúbida, traducións colectivas á vista), mais esta metodoloxía caracterízase polo estudante ou a estudenta traballaren autonomamente tanto dentro da aula, en fases de inferencia, como fóra da aula.
Saídas de estudo/prácticas de campo	O grupo de estudantes, orientado polo docente, percorrerá lugares ou instalacións e/ou visitará exposicións ou eventos relacionados cos contidos da materia. O obxectivo da saída de estudo é de identificar e analizar produtos ou prácticas reais de tradución en medio urbano, público ou privado (dependendo da autorización correspondente). Para a saída contarase cos medios e co apoio loxístico que facilitará a Universidade de Vigo. A presencialidade (3 horas) corresponde a 2 sesións de hora e media que non se impartirán na aula, e equivalentes a media xornada. Nesta ocasión, a docencia trasladarase fóra do campus, ó lugar da saída de estudo.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargos e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, privilexiase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.

Obradoiros	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, privilexíase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, privilexíase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.
Saídas de estudo/prácticas de campo	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, privilexíase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.

<b>Avaliación</b>		
	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realizaranse e entregaranse ata 5 encomendas de tradución características do tipo de dificultades que se abordan na aula. Elaborarase unha nota media a partir das 3 mellores notas das 5 encomendas.	60
Saídas de estudo/prácticas de campo	Serán valorados os textos (informes, redaccións, traducións, resumos etc.) xerados polo alumnado como resultado da súa experiencia na saída de estudos.	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizarase na aula unha proba manuscrita de tradución con tempo limitado (2 horas). A non ser que o docente sinale o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica.	20

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### **Avaliación continua**



Nas dúas primeiras semanas de clase, o alumnado deberá comunicarlle ó docente a súa intención de acollerse á avaliación continua. En todo caso, para poder manterse dentro desa modalidade de avaliación continua, deberá asistir polo menos ó 80% das horas presenciais.

As competencias do alumnado serán avaliadas en función de tres metodoloxías diferentes:

a) Mediante a resolución de exercicios, baixo a forma de tradución de encomendas (60% da nota final). A nota media dese bloque metodolóxico calcularase a partir das 3 mellores notas das 5 encomendas. A primeira encomenda de tradución deberá entregarse na primeira semana de febreiro de 2015. A segunda encomenda de tradución deberá entregarse na primeira semana de marzo de 2015. A terceira encomenda de tradución deberá entregarse na terceira semana de marzo de 2015. A cuarta encomenda de tradución deberá entregarse na segunda semana de abril de 2015. A quinta encomenda de tradución deberá entregarse na cuarta semana de abril de 2015.

b) Mediante a calidade das respostas achegadas durante a fase de traballo de campo na saída de estudos (20% da nota final). No caso de que as circunstancias impidisen o desenvolvemento da saída de estudos, a porcentaxe da nota final correspondente a esta metodoloxía de avaliación (20%) transferirase para o bloque de tradución de encomendas. Estas pasarán a representar o 80% da nota final.

c) Mediante a corrección da proba práctica na aula (20% da nota final). A proba práctica en aula terá lugar o martes 28 de abril de 2015.

### **Convocatoria da primeira edición de actas (xuño de 2015)**

O alumnado que non se acolla á avaliación continua poderá realizar un exame final e único fixado para o martes 28 de abril de 2015. Este exame consistirá en:

a) Tradución gl>fr con tempo limitado (2 horas): 60% da nota. A non ser que o docente sinalo o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica.

b) Encomenda de tradución gl>fr que recibirá o alumnado o día do exame e que deberá entregar segundo as condicións especificadas nun máximo de 7 días naturais: 40% da nota.

É preciso aprobar as dúas partes para superar a materia. Poderase facer media sempre e cando unha parte estea aprobada e a outra teña unha nota mínima de 4 sobre 10.

Non se conservará ningún aprobado parcial para a convocatoria da segunda edición de actas (xullo).

### **Convocatoria da segunda edición de actas (xullo de 2015)**

O alumnado que obtivese unha cualificación de suspenso nas probas da avaliación continua ou na convocatoria da primeira edición de actas (xuño de 2015) deberá presentarse á convocatoria da segunda edición de actas (xullo) fixada para o 6 de xullo de 2015 ás 12.00 horas na aula C4A.

A proba consistirá en:

a) Unha tradución gl>fr a realizar na aula con tempo limitado (2 horas): 60% da nota. A non ser que o docente sinalo o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica.

b) Unha encomenda de tradución gl>fr que recibirá o alumnado o día do exame e que deberá entregar segundo as condicións especificadas nun máximo de 7 días naturais: 40% da nota.

Será preciso aprobar as dúas partes para superar a materia. Poderase facer media sempre e cando unha parte estea aprobada e a outra teña unha nota mínima de 4 sobre 10.

O plaxio ou copia cualificarase cun 0, que computará para a nota final. O exercicio ou traballo que sexa obxecto de copia ou plaxio non se poderá repetir.

Os erros de lingua que sobrepasen a proporción de tolerancia fixada polo docente durante o curso provocarán o suspenso de calquera traballo ou exame realizado.

---

#### **Bibliografía. Fontes de información**

BUJÁN FRA, Ana, "Norma e investigación sobre a tradución xurada", *Viceversa*, 14, 43-53.,

---

- DELISLE, Jean, LEE-JAHNKE, Hannelore & CORMIER, Monique (dirs.), **Terminoloxía da tradución**, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.,
- FERNÁNDEZ OCAMPO, Anxo, **Overview of Non-Mother Tongue Translation from Galician**, SNELL-HORNBY, M. et. al. Translation into Non-Mother Tongues. Stauffenburg: Studien zur Translation,
- GILE, Daniel, **La traduction. La comprendre, l'apprendre.**, París: PUF.,
- GOUADEC, Daniel, **Le traducteur, la traduction et l'entreprise.**, París: AFNOR.,
- HARGUINDEY BANET, Henrique, **La Galice. Dez séculos de olladas francesas.**, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.,
- KELLY, Dorothy, **The translation of texts from the tourist sector: textual conventions, cultural distance and other constraints**, *Trans*, 2, 33-42.,
- KIRALY, Donald, **A Social Constructivist Approach to Translator Education. Empowerment from Theory to Practice.**, Manchester: Saint Jerome Publishing Company.,
- Office québécois de la langue française, **Banque de dépannage linguistique.**,  
<http://www.oqlf.gouv.qc.ca/ressources/bdl.html>,
- Office québécois de la langue française, **Le grand dictionnaire terminologique.**,  
<http://www.gdt.oqlf.gouv.qc.ca/index.aspx>,
- SAN GINÉS AGUILAR, P. e ORTEGA ARJONILLA, E., **Introducción a la traducción jurídica y jurada (francés-español).**, Granada: Editorial Comares.,

---

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

- Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
- Tradución idioma 2, III: Francés-Galego/V01G230V01611
- Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931
- Ferramentas para a tradución e a interpretación IV: Revisión e corrección de textos/V01G230V01701
- Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Galego/V01G230V01933
- Tradución xurídica-administrativa idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01704

---

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

- Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304
- Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés/V01G230V01404
- Tradución idioma 1, I: Francés-Galego/V01G230V01311
- Tradución idioma 1, II: Francés-Galego/V01G230V01504

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Tradución idioma 1, III: Francés-Español</b>				
Materia	Tradución idioma 1, III: Francés- Español			
Código	V01G230V01608			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Francés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Yuste Frías, Jose			
Profesorado	Yuste Frías, Jose			
Correo-e	jyuste@uvigo.es			
Web	<a href="http://www.joseyustefrias.com/">http://www.joseyustefrias.com/</a>			
Descrición xeral	Ao estar enteiramente dedicada á direccionalidade inversa Español-Francés, o obxectivo primordial da materia titulada «Tradución Idioma 1, III Francés-Español» non é facer tradución inversa pedagóxica senón pedagogía da tradución inversa; o fin primordial e último da materia non é ensinar francés aos falantes estudantes hispanofalantes da Universidade de Vigo senón ensinalles a traducir, do español ao francés, textos que constituíron reais encargos de tradución inversa no mercado profesional español e galego da tradución.			

<b>Competencias de titulación</b>	
Código	
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A6	Utilización de ferramentas informáticas e instrumentos técnicos para a interpretación
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A17	Capacidade de tomar decisións
A28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B4	Resolución de problemas
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B12	Traballo en equipo
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

<b>Competencias de materia</b>	
Resultados de aprendizaxe	Competencias

Adquirir a metalinguaxe necesaria para falar da tradución a un nivel elemental	A2 A3 A4 A5 A8 A9 A13 A14 A17 A28	B1 B2 B5 B6 B7 B8 B12 B15 B16 B17 B22
Alcanzar un alto nivel de comprensión lectora na lingua de partida, sabendo recoñecer as súas propias limitacións para poder superalas.	A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A13 A14 A17 A28	B1 B2 B5 B6 B7 B8 B12 B15 B16 B17 B22
Saber redactar textos na lingua de chegada gramaticalmente correctos e pragmaticamente adecuados.	A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A13 A14 A17 A28	B1 B2 B5 B7 B8 B12 B15 B16 B17 B22
Saber utilizar técnicas básicas de documentación en papel e en pantalla	A2 A3 A4 A6 A8 A9 A13 A14 A17 A28	B1 B2 B5 B7 B8 B12 B15 B16 B17 B22
Contrastar as diferenzas tipográficas, léxicas, sintácticas e discursivas entre as dúas linguas: o francés e o español	A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A13 A14 A17 A28	B1 B2 B5 B6 B7 B8 B12 B15 B16 B17 B22
Saber cales son os criterios que definen unha actuación tradutora pertinente, relevante e oportuna dentro da cultura de partida e que consecuencias culturais, políticas, ideolóxicas e sociais teñen as decisións tomadas.	A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A13 A14 A17 A28	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B8 B12 B15 B16 B17 B22

Dominar todo tipo de transcendencia textual, a transtextualidade, a saber: a intertextualidade, a metatextualidade, a paratextualidade e a hipertextualidade. Ser consciente do papel do tradutor como mediador entre os distintos imaxinarios presentes en toda viaxe transtextual das dúas culturas, española e francesa, coas que traballa.	A2	B1
	A3	B2
	A4	B5
	A5	B6
	A6	B7
	A8	B8
	A9	B9
	A13	B12
	A14	B15
	A17	B16
A28	B17	
		B22
Ser capaz de adaptarse ao mercado laboral cambiante que esixe unha continua reciclaxe do profesional da tradución sempre ao día en canto a innovacións tecnolóxicas que afectan o desenvolvemento da súa contorna laboral: novas fontes de información, novos accesos ao coñecemento, novas fontes textuais (unidades verbo-icónicas e entidades iconotextuais de tradución), novos sectores de mercado, etc.	A2	B1
	A3	B2
	A4	B5
	A5	B6
	A6	B8
	A8	B12
	A9	B15
	A13	B16
	A14	B17
	A17	B22
A28		
Relacionarse profesionalmente con todos os demais axentes paratradutores implicados no proceso da tradución: iniciador; cliente; informantes e expertos; informáticos; deseñadores gráficos; editores, maquetadores e revisores; directores, actores e técnicos de dobraxe; etc.: a) desenvolver habilidades para as relacións interpersoais e a xestión de proxectos; b) aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar; c) adquirir un compromiso ético ante o acto nada inocente de traducir; d) aprender a asumir responsabilidades; e) aumentar o grao de confianza do alumnado nas súas propias capacidades tradutoras. Para iso o profesor procurará transmitir constantemente ao alumnado unha confianza en si mesmos/as e no seu futuro como tradutores/as español-francés, a pesar de que a dirección L1-L2 sexa a máis problemática das direccionalidades; f) crear un espírito crítico e autocrítico.	A2	B1
	A3	B2
	A4	B3
	A5	B4
	A6	B5
	A8	B6
	A9	B7
	A13	B8
	A14	B12
	A17	B15
A28	B16	
		B17
		B22

## Contidos

### Tema

1.Fondements théoriques et traductologiques	<ul style="list-style-type: none"> <li>1.1. Traduire n'est pas seulement communiquer <ul style="list-style-type: none"> <li>1.1.1. Pourquoi traduit-on ?</li> <li>1.1.2. Mondialisation et traduction</li> <li>1.1.3. La place de la traduction dans les rapports mondiaux entre les langues</li> </ul> </li> <li>1.2. À la recherche du sens <ul style="list-style-type: none"> <li>1.2.1. Signe et symbole : contenus de la traduction</li> <li>1.2.2. D'un système de signes à l'autre : la traduction intersémiotique et multisémiotique</li> <li>1.2.3. Traduction et paratraduction</li> </ul> </li> <li>1.3. Traduction et culture <ul style="list-style-type: none"> <li>1.3.1. Traduire sans culture(s) n'est pas traduire</li> <li>1.3.2. Traduire est un fait de culture</li> <li>1.3.3. La traduction métisse les cultures</li> </ul> </li> </ul>
2. A tradución inversa no mercado profesional	<ul style="list-style-type: none"> <li>2.1. Introducción aos aspectos socioprofesionales da tradución</li> <li>2.2. Características da tradución profesional</li> <li>2.3. O mercado da tradución inversa español-francés <ul style="list-style-type: none"> <li>2.3.1. O mercado público <ul style="list-style-type: none"> <li>2.3.1.1. O sector institucional</li> </ul> </li> <li>2.3.2. O mercado privado <ul style="list-style-type: none"> <li>2.3.2.1. O sector editorial</li> <li>2.3.2.2. O sector comercial</li> </ul> </li> </ul> </li> <li>2.4. A demanda da tradución inversa español-francés <ul style="list-style-type: none"> <li>2.4.1. A figura do iniciador</li> <li>2.4.2. A contorna laboral</li> </ul> </li> <li>2.5. A oferta da tradución inversa español-francés <ul style="list-style-type: none"> <li>2.5.1. A figura do tradutor profesional</li> <li>2.5.2. A contorna socioprofessional francófono</li> </ul> </li> </ul>

3. Terminoloxía e documentación en tradución inversa español-francés	<p>3.1. Fontes de consulta terminolóxica impresas: léxicos, glosarios e dicionarios unilingües, bilingües e plurilingües</p> <p>3.2. Fontes de documentación impresas: dicionarios enciclopédicos, enciclopedias, libros e revistas</p> <p>3.3. Criterios de calidade para a avaliación das fontes electrónicas</p> <p>3.4. Fontes de consulta terminolóxica electrónicas: bancos de datos plurilingües, bilingües e unilingües en Internet</p> <p>3.5. Fontes de documentación electrónicas: buscadores, portais, ferramentas e axudas en liña para tradutores</p>
4. Redacción en L2	<p>4.1. Nocións elementais de ortografía e ortotipografía francesas</p> <p>4.2. Escritura braquigráfica francófona</p> <p>4.2.1. Ortografía técnica nos textos franceses: as abreviaturas</p> <p>4.2.2. Ortografía técnica nos textos franceses: as siglas e os acrónimos</p> <p>4.2.3. Ortografía técnica nos textos franceses: os símbolos</p> <p>4.3. Rexistros da lingua francesa</p> <p>4.4. Sistema, norma e bon usage</p>
5. La falacia de la competencia nativa en traducción inversa	<p>5.1. La noción de «hablante nativo»</p> <p>5.2. Lengua «materna» vs lingua «extranxera»</p> <p>5.3. Diversidad de las situaciones bilingües</p>

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	2	4
Estudo de casos/análises de situacións	33	66	99
Prácticas autónomas a través de TIC	3	18	21
Sesión maxistral	8	16	24
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	<p>Presentación do curso e do programa detallado.</p> <p>Presentación da páxina facebook docente e dos dous blogues de investigación que constituirán unhas ferramentas de uso diario por parte do alumnado ao longo de todo o curso académico:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Páxina Facebook Docente (<a href="https://www.facebook.com/joseyustefrias">https://www.facebook.com/joseyustefrias</a>)</li> <li>-Blogue de Yuste. On e sème à tout vent (<a href="http://www.joseyustefrias.com/index.php/blogue">http://www.joseyustefrias.com/index.php/blogue</a>)</li> <li>-Sur lles seuils du traduire (<a href="http://seuils.hypotheses.org/">http://seuils.hypotheses.org/</a>)</li> </ul>
Estudo de casos/análises de situacións	<p>Traballarase en clase con encargos reais de tradución inversa español-francés ante os cales o alumnado deberá tomar unha serie de decisións sobre como realízalos e solucionar os problemas de xestión que se presenten. Sen esquecer nunca o minucioso e sempre imprescindible traballo de revisión e corrección dos textos traducidos antes de entregalos.</p>
Prácticas autónomas a través de TIC	<p>A través da plataforma privada TEMA e doutro TIC públicas da web 2.0 o alumnado deberá desenvolver e entregar traballos, responder a encargos, participar en debates, sen esquecer comentar as entradas e artigos que sobre tradución xurídico-administrativa en xeral e sobre TMS, moi en particular, aparecerán publicadas na páxina facebook docente e nos dous Blogues de Investigación do profesor titular que imparte a materia:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Páxina Facebook Docente (<a href="https://www.facebook.com/joseyustefrias">https://www.facebook.com/joseyustefrias</a>)</li> <li>-Blogue de Yuste. On e sème à tout vent (<a href="http://www.joseyustefrias.com/index.php/blogue">http://www.joseyustefrias.com/index.php/blogue</a>)</li> <li>-Sur lles seuils du traduire (<a href="http://seuils.hypotheses.org/">http://seuils.hypotheses.org/</a>)</li> </ul>
Sesión maxistral	<p>O profesor presentará:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a) cada unha das unidades temáticas do programa que servirán de marco de traballo para a realización das prácticas de tradución inversa español-francés,</li> <li>b) as cuestións metodolóxicas e técnicas relevantes en cada encargo de tradución inversa español-francés</li> </ol>

Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	<p>En canto á resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma e fóra da aula, todos os alumnos teñen a «obriga» de levar consigo un caderno de peto; unha especie de «carné de notes» ao que, moi adecuadamente, chamamos «calepin» e que o profesor recollerá todas as semanas. Nela cada alumno anota todas as súas dúbidas, reflexións e calquera comentario sobre a tradución, en xeral, e a tradución inversa español-francés, moi en particular. Anotacións particulares (moitas veces repletas de inquietudes) que, ao longo da semana, cada alumno puidese acumular tanto dentro como fóra do contexto universitario (nos medios de comunicación, na rúa, nunha conversa, nos seus intres de lecer, cando están a comer, cando ven unha película, etc.). O que se pretende é que o alumno utilice o maior número posible de canles (oído, vista, palabra e tacto) para reflexionar sobre a práctica tradutora en situacións comunicativas nada académicas, que só poden producirse fóra das aulas. Cada semana o profesor elixirá a idea que lle pareceu máis suxestiva e subirá a FAITIC montando a unidade didáctica correspondente.</p> <p>Co seu «calepin» o alumno tirará maior proveito da súa asistencia a conferencias, congresos, seminarios, cursos ou xornadas relacionadas directa ou indirectamente coa materia. Evidentemente, na era dixital e dados os tempos de e-learning que corren, as novas tecnoloxías poden converter o calepin nun portafolio electrónico levado polo propio alumno.</p>
---	--

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introdutorias	A atención personalizada realizarase tanto no despacho do profesor, en horario de titorías oficial, como a través da rede, xa sexa por medio do correo electrónico tradicional ou mediante mensaxes enviadas a través da rede social Facebook. Por conseguinte, recoméndase que cada alumno teña unha conta facebook académica.
Estudo de casos/análises de situacións	A atención personalizada realizarase tanto no despacho do profesor, en horario de titorías oficial, como a través da rede, xa sexa por medio do correo electrónico tradicional ou mediante mensaxes enviadas a través da rede social Facebook. Por conseguinte, recoméndase que cada alumno teña unha conta facebook académica.
Prácticas autónomas a través de TIC	A atención personalizada realizarase tanto no despacho do profesor, en horario de titorías oficial, como a través da rede, xa sexa por medio do correo electrónico tradicional ou mediante mensaxes enviadas a través da rede social Facebook. Por conseguinte, recoméndase que cada alumno teña unha conta facebook académica.
Sesión maxistral	A atención personalizada realizarase tanto no despacho do profesor, en horario de titorías oficial, como a través da rede, xa sexa por medio do correo electrónico tradicional ou mediante mensaxes enviadas a través da rede social Facebook. Por conseguinte, recoméndase que cada alumno teña unha conta facebook académica.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	A atención personalizada realizarase tanto no despacho do profesor, en horario de titorías oficial, como a través da rede, xa sexa por medio do correo electrónico tradicional ou mediante mensaxes enviadas a través da rede social Facebook. Por conseguinte, recoméndase que cada alumno teña unha conta facebook académica.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Estudo de casos/análises de situacións	Todo o alumnado deberá realizar unha exposición oral en francés sobre calquera das unidades do programa ou calquera outro tema da súa libre elección (previa consulta co profesor) relacionado coa materia. Puntuarase tanto a calidade do contido transmitido como a competencia de expresión oral en francés.	40
Prácticas autónomas a través de TIC	Os encargos de tradución inversa español-francés serán tramitados a través da plataforma *FAITIC. Valorarase moi positivamente a participación activa do alumnado cos seus comentarios nos foros de discusión e debate que se vaian creando tanto con cada encargo de tradución como con cada entrada bibliográfica específica de lectura recomendada subida á plataforma TEMA. Por outra banda recoméndase seguir a actualización das entradas e artigos publicados nas distintas plataformas web 2.0 do profesor: -Páxina docente *facebook do profesor: * <a href="https://www.facebook.com/joseyustefrias">https://www.facebook.com/joseyustefrias</a> -Blogue de *Yuste. *On e *sème *à *tout *vent: <a href="http://www.joseyustefrias.com/index.php/blogue">http://www.joseyustefrias.com/index.php/blogue</a> -Sur lles *seuils *du *traduire: <a href="http://seuils.hypotheses.org/">http://seuils.hypotheses.org/</a>	20
Sesión maxistral	Probas puntuais propostas ao fío dos contidos desenvolvidos nas sesións maxistrais.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Exame final que terá lugar o 29 de abril de 2014	30

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A asistencia a clase será «obrigatoria» para acollerse á avaliación continua. Non se avaliará de forma continua a ningún alumno que non asistise a unha determinada cota de clases, salvo en casos moi excepcionais, que, por suposto, deberán ser debidamente xustificadas e acreditadas. É dicir, para poder acollerse á avaliación continua o alumno deberá participar en todas e cada unha das actividades previstas na materia tanto dentro como fóra da aula. A porcentaxe mínima de presencialidade (que se controlará pasando lista en cada sesión) é do 80%.

En todas as probas propostas será imprescindible responder a todas as preguntas.

No exame final da avaliación continua haberá tan só **dúas probas de tradución inversa** español-francés: unha na que non se permitirá o uso de dicionarios nin de ningún tipo de material, e outra na que si se permitirá o uso de dicionarios e de calquera tipo de material.

A copia ou o plaxio serán penalizadas.

Con respecto á corrección tanto de todas e cada unha das probas do curso como do exame final, que terá lugar na última semana de clase, cabe sinalar que se prestará unha especial atención ao dominio das normas ortográficas, morfolóxicas e sintácticas da lingua francesa. **Atención!** Tres erros ortotipográficos e/ou morfosintácticos invalidan calquera proba.

No caso de alumnos que non se acollan á avaliación continua, o exame final que terá lugar durante a última semana de clases, constará de tres probas: unha parte teórica (respostas redactadas completamente en francés a unhas preguntas teóricas do temario: valor 50%) e outra parte práctica que consistirá en catro **probas escritas de tradución inversa** español-francés: dous na que non se permitirá o uso de dicionarios nin de ningún tipo de material, e outras dúas na que si se permitirá o uso de dicionarios e de calquera tipo de material. Ademais concertarase unha cita co profesor para a realización dunha **proba oral** na que o alumnado responderá, en francés, ás preguntas formuladas polo profesor.

A convocatoria de xullo consistirá nun exame que constará das mesmas partes que a avaliación non continua que se acaba de describir no parágrafo anterior.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **1. Bibliografía xeral sobre tradución inversa :**

Beeby Lonsdale, A. (1996) *Teaching Translation from Spanish to English. Worlds beyond Words*, Ottawa: University of Ottawa Press.

Gémar, J.-Cl. (1996) «Les sept principes cardinaux d'une didactique de la traduction», *Meta*, xli, 3: 495-505.

Grosman, M. et alii [eds.] (2000) *Translation into Non-Mother Tongues. In Professional Practice and Training*, Tübinga: Stauffenburg.

Hurtado Albir, A. [ed.] (1994) *Estudis sobre la traducció*, Castellón de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I.

Hurtado Albir, A. (1999) «Objetivos de aprendizaje y metodología en la formación de traductores e intérpretes», en Hurtado Albir [dir.] (1999), pp. 8-58.

Hurtado Albir, A. [dir.] (1999) *Enseñar a traducir. Metodología en la formación de traductores e intérpretes. Teoría y fichas prácticas*, Madrid: Edelsa.

Kelly, D., Martin, A., Nobs, M.-L., Sánchez, D. y Way, C. [eds.] (2003) *La direccionalidad en traducción e interpretación: perspectivas teóricas, profesionales y didácticas*, Granada: Atrio.

Kelly, D., Nobs, M.-L., Sánchez, D. y Way, C. (2003) «La traducción A-B en el mercado profesional» en Kelly, D. et alii [eds.], pp. 43-64.

Kelly, D., Nobs, M.-L., Sánchez, D. y Way, C. (2003) «Reflexiones en torno a algunos conceptos básicos» en Kelly, D. et alii [eds.], pp. 33-41.

Ladmiral, J.-R. (1972) «La traduction dans l'institution pédagogique», *Langages*, 28: 8-39.

Ladmiral, J.-R. (1994<sup>2</sup>) *Traduire : théorèmes pour la traduction*, París: Gallimard.

Prunč, E. (2000) «Translation in die Nicht-Muttersprache und Translationskultur», en Grosman et alii [eds.] (2000), pp. 5-20.

Prunč, E. (2003) «Óptimo, subóptimo, fatal: Reflexiones sobre la democracia etnolingüística en la cultura europea de traducción» en Kelly, D. et alii [eds.], pp. 67-89.

Rydning, A. F. (1991) *Qu'est-ce qu'une traduction acceptable en b ? Les conditions d'acceptabilité de la traduction*



*fonctionnelle réalisée dans la langue seconde du traducteur*, Oslo: Universidad de Oslo.

Tricás Preckler, M. (1994) «Argumentación y sentido», en Hurtado Albir, A. [ed.] (1994), pp. 153-165.

Yuste Frías, J. (2005) «**Didáctica de la traducción inversa español-francés: el fin justifica los medios**», en Yuste Frías, J. y ÁlvarezLugrís, A. [eds.], pp. 147-170. Capítulo disponible en red:  
<http://www.joseyustefrias.com/docu/publicaciones/JoseYusteFrias%202005d.pdf>

Yuste Frías, J. y Álvarez Lugrís, A. [eds.] (2005) *Estudios sobre traducción: teoría, didáctica, profesión*, Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, col. traducción & paratraducción, nº 1, ISBN:84-8158-290-5. [Algunas partes del libro pueden consultarse en red]:  
<http://www.joseyustefrias.com/index.php/publicaciones/libros/202-estudios-sobre-traducccion-teoria-didactica-profesion.html>

## **2. Bibliografía básica para a redacción en L2 (francés):**

### **2.1. Obras xerales**

Buisseret, I. De (1975) *Deux langues, six idiomes*, Ottawa: Carlton-Green.

Bureau de la Traduction (1996<sup>2</sup>) *Le guide du rédacteur*, Ottawa: Ministre des Travaux publics et Services gouvernementaux Canada.

Grevisse, M. (1993<sup>13</sup>) *Le bon usage: grammaire française*, ed. reform. por André Goose, París-Louvain-la-Neuve: Le Robert.

### **2.2. Ortografía e tipografía**

Doppagne, A. (1991) *Majuscules, abréviations, symboles et sigles. Pour une toilette parfaite du texte*, París: Duculot.

Imprimerie nationale (1993<sup>3</sup>) *Lexique des règles typographique en usage à l'Imprimerie nationale*, París: Imprimerie nationale.

Ramat, A. (1994) *Le Ramat typographique*, Condé-sur-Noireau (Francia): Charles Corlet.

Richaudeau, F. (1989) *Manuel de typographie et demise en page*, París: Retz.

Yuste Frías, J. (1999) «**Ortografía técnica nos textos franceses (I): as abreviaturas**», *Viceversa*, 5: 63-74. Disponible en red: <http://www.joseyustefrias.com/docu/publicaciones/JoseYusteFrias%201999d.pdf>

Yuste Frías, J. (2001) «**Ortografía técnica nos textos franceses (II): as siglas e os acrónimos**», *Viceversa*, 6: 161-192. Artículo disponible en red: <http://www.joseyustefrias.com/docu/publicaciones/JoseYusteFrias%202001d.pdf>

Yuste Frías, J. (2005) «**Ortografía técnica nos textos franceses (III): os símbolos (primeira parte)**», *Viceversa*, 11: 173-181. Artículo disponible en red: <http://www.joseyustefrias.com/docu/publicaciones/JoseYusteFrias2005nh.pdf>

Yuste Frías, J. (2008) «**Ortografía técnica nos textos franceses (III): os símbolos (segunda parte)**» *Viceversa*, 14: 57-69. Artículo disponible en red: <http://www.joseyustefrias.com/docu/publicaciones/JoseYusteFrias2008e.pdf>

Yuste Frías, J. (2010b) «**Ortotipografía y traducción**», en Yuste Frías, J. [dir.] *Píldoras T&P. El tercer programa Web-TV dedicado a la traducción*, píldora n.º 7 editada en red el 10/06/2010. Presentación de esta producción audiovisual T&P disponible en la web del autor:  
<http://www.joseyustefrias.com/index.php/web-tv/pildorastyp/57-pildoras/142-ortotipografia-y-traducccion.html>. Presentación del programa Web-TV *Píldoras T&P* también disponible en la web del autor:  
<http://www.joseyustefrias.com/index.php/web-tv/pildorastyp.html>

## **3. Diccionarios xerales**

Robert, P. (1986<sup>2</sup>) *Le Grand Robert. Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française*, ed. rev. y aum. por Alain Rey, París: Le Robert, 9 vols.

Robert, P. (1993<sup>3</sup>) *Le Nouveau Petit Robert. Dictionnaire alphabétique et analogique de la langue française*, ed. reform. y aum. por Josette Rey-Debove Alain Rey, París: Le Robert.

Robert, P. (1999) *Le Petit Robert des noms propres, alphabétique et analogique illustré en couleurs*, ed. rev., corr. y modern. por Alain Rey, París: Le Robert.

Imbs, P. y Quemada, B. [dirs.] (1971-1994) *Trésor de la langue française. Dictionnaire de la langue française du XIX<sup>e</sup> et du XX<sup>e</sup>*

siècle (1789-1960), Paris: c.n.r.s. [Gallimard, 16vols. *Trésor de Langue Française informatisé*. Version informatique (2004) des 16 volumes du *Trésor de la Langue Française, dictionnaire de la langue du XIX<sup>e</sup> et du XX<sup>e</sup> siècle* du CNRS (197-1994, Paris : CNRS / Gallimard), [Dictionnaire sur CD-ROM], Paris : CNRS / ATILF / UNIVERSITÉ DE NANCY 2.

Duval, A. [dir.](1994) *Le Grand Robert électronique dmw. Ensemble d'outils d'aide à la rédaction de textes français sur disque optique compact élaboré à partir du Grand Robert de la langue française en 9 volumes de Paul Robert dans sa nouvelle édition dirigée par Alain Rey*, [cd-rom], Paris: Le Robert. *Le CD-ROM du Petit Robert. Nouvelle Version électronique 2.1 (2001) du Nouveau Petit Robert. Dictionnaire analogique et alphabétique de la langue française* de Paul Robert remanié et amplifié par Josette Rey-Debove et Alain Rey (1994, Paris : Dictionnaires Le Robert) [Dictionnaire sur CD-ROM], Paris : Dictionnaires Le Robert / VUEF 2001-2003

Journal officiel de la République française (1994) *Dictionnaire des termes officiels de la langue française*, Paris: dglf.

#### 4. Traducción & Paratraducción Francés-Español-Francés

Yuste Frías, José (2009b) «Debate sobre Paratraduction : le concept-clé de l'École de Vigo», Turno de preguntas de la cuarta conferencia dada en la Facultad de Filología e Traducción de la Universidad de Vigo, con motivo de la celebración del II Coloquio Internacional de Vigo sobre Paratraducción (Primera Parte), Vigo: **T&P**\_UVigoTV

Yuste Frías, J. (2010b) «Cultural Translation: Asterixco y Obelixco», *Blog de Yuste. On y sème à tout vent*, [en red], 01/10/2010. Vigo: Blogs de Investigación T&P <http://www.joseyustefrias.com/index.php/blog/item/asterixco-y-obelixco.html>

Yuste Frías, José (2011b) «Traduire le couple texte\_image dans la littérature pour l'enfance et la jeunesse», Květa Kunečová [ed.] *De L'IMAGE à L'IMAGINAIRE. Littérature de jeunesse*, Hradec Králové (République Tchèque): Université Hradec Králové, coll. Gaudeamus, ISBN: 978-80-7435-096-2, pp. 36-54. Presentación de la publicación disponible en red: <http://www.joseyustefrias.com/index.php/publicaciones/capitulos-de-libro/213-image-imaginaire-lej.html>

Yuste Frías, José (2011d) «Tiempo para traducir la imagen» en Losada Goya, J.M. et al [eds.] *Tiempo: texto e imagen. Temps: texte et image*, Madrid: Universidad Complutense de Madrid, Área de Humanidades, [CD-ROM], ISBN: 978-84-96701-37-3, pp. 975-992. Presentación de la publicación disponible en red: <http://www.joseyustefrias.com/index.php/publicaciones/capitulos-de-libro/217-tiempo-para-traducir-la-imagen.html>

Yuste Frías, José (2011f) «La leyenda vienesa del croissant o cómo comerse al Otro», *Blog de Yuste. On y sème à tout vent*, [en red], 30/09/2011. Vigo: Blogs de Investigación T&P <http://www.joseyustefrias.com/index.php/blog/item/la-leyenda-vienes-a-del-croissant.html>

Yuste Frías, José (2011h) «Buscando a Tintín», *Blog de Yuste. On y sème à tout vent*, [en red], 05/11/2011. Vigo: Blogs de Investigación T&P <http://www.joseyustefrias.com/index.php/blog/item/buscando-a-tintin.html>

Yuste Frías, J. (2012a) «No traducir la letra de la sincronización en publicidad», *Blog de Yuste. On y sème à tout vent*, [en red], 16/01/2012. Vigo: Blogs de Investigación T&P <http://www.joseyustefrias.com/index.php/blog/item/no-traducir-la-letra-de-la-sincronizacion-en-publicidad.html>

Yuste Frías, José (2012c) «Kinder no es alemán», *Blog de Yuste. On y sème à tout vent*, [en red], 24/01/2012. Vigo: Blogs de Investigación T&P <http://www.joseyustefrias.com/index.php/blog/item/kinder-no-es-aleman.html>

Yuste Frías, José (2012e) «Facebook y la simbología americana del pulgar» *Blog de Yuste. On y sème à tout vent*, [en red], 26/04/2012, Vigo: Blogs de Investigación T&P <<http://www.joseyustefrias.com/index.php/blog/item/like-button.html>>

Yuste Frías, José (2012g) «Fuleco o la traducción fulera de una mascota» *Blog de Yuste. On y sème à tout vent*, [en red], 03/12/2012, Vigo: Blogs de Investigación T&P <<http://www.joseyustefrias.com/index.php/blog/item/mascota-fuleco.html>>

Yuste Frías, José (2013a) «Sur les seuils du traduire», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 03/05/2013, Marsella-París-Lisboa: HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/1>>

Yuste Frías, José (2013c) «Traduire l'image et la couleur», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 05/05/2013, Marsella-París-Lisboa: HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/96>>

Yuste Frías, José (2013e) «Traduire l'image c'est faire de la paratraduction», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 07/05/2013, Marsella-París-Lisboa: HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/201>>

Yuste Frías, José (2013g) «Traduire l'image du pouce levé dans " Astérix en Hispanie " I», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 09/05/2013, Marsella-París-Lisboa:

HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/243>>

Yuste Frías, José (2013i) «Traduire l'image du pouce levé dans « Astérix en Hispanie » III», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 11/05/2013, Marsella-París-Lisboa:

HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/340>>

Yuste Frías, José (2013k) «Signe et symbole en traduction I», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 13/05/2013, Marsella-París-Lisboa: HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/386>>

Yuste Frías, José (2013m) «Signe et symbole en traduction III», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 15/05/2013, Marsella-París-Lisboa: HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/428>>

Yuste Frías, José (2013ñ) «Traduire c'est être " en para "», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 17/05/2013, Marsella-París-Lisboa: HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/574>>

Yuste Frías, José (2013p) «Traduire à l'écran II», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 19/05/2013, Marsella-París-Lisboa: HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/634>>

Yuste Frías, José (2013r) «Traduire pour les enfants II», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 21/05/2013, Marsella-París-Lisboa: HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/704>>

Yuste Frías, José (2013t) «Métissages et traduction», *Sur les seuils du traduire. Un carnet de recherche sur la traduction et la paratraduction*, [en red], 23/05/2013, Marsella-París-Lisboa: HYPOTHESES\_CNRS/EHESS/OpenEdition/Cléo <<http://seuils.hypotheses.org/763>>

---

## Recomendacións

---

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

---

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés/V01G230V01404

---

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

---

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104

Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204

---

## Outros comentarios

---

O alumnado ha de asumir que a súa lingua \*B (o francés) debe empezar a ser tan súa como a súa lingua A (o español). O tradutor ha de ser sempre un excelente redactor na lingua de chegada, por moito que esta sexa unha \*L2 para el. Para iso debe adquirir previamente determinadas estratexias que lle permitan \*reformular correctamente en francés o sentido do texto de partida redactado en español procurando facer gala da maior claridade á hora de expresarse en lingua francesa. Velaquí unha breve listaxe dos coñecementos previos e destrezas básicas que se consideran ferramentas indispensable do traballo \*discente para esta materia:

-Dominio das normas cultas das dúas linguas de traballo e, por conseguinte, máxima corrección tanto na expresión escrita como na expresión oral.

-Lectura intensiva, extensiva e selectiva de textos escritos nas dúas linguas de traballo

-Interpretación de textos ou discursos (detección de dobres sentidos e implícitos, intencionalidades ocultas, ironía, manipulación ideolóxica, etc. ) escritos ou orais nas dúas linguas de traballo

-Coñecementos básicos de ofimática, comunicación electrónica e Internet: procesador de textos; correo electrónico;

\*navegadores; léxicos, glosarios, dicionarios e enciclopedias en formato electrónico en liña e \*off \*line; correctores

\*ortográficos, etc.

-Uso eficiente dos fondos bibliotecarios, fontes de documentación e dicionarios en formato papel

Para conseguir estes \*prerrequisitos propónse o seguinte plan de traballo que o alumno debería realizar antes de empezar o período de docencia:

-Estudo pormenorizado do \*Bon \*usage da lingua francesa (véxase apartado correspondente na bibliografía)

-Exercicios de lectura intensiva, extensiva e selectiva, en papel e en pantalla de textos escritos nas dúas linguas de traballo

-Uso cotián do computador, a «pluma do tradutor do século \*XXI», con vistas á \*familiarización no manexo dos distintos programas e dos novos formatos \*hipertextuales

-Sesións de traballo práctico na rede: procura e consulta de fontes de información terminolóxica (léxicos, glosarios,

dicionarios, enciclopedias) e documental; xestión de contas de correo electrónico; envío telemático de arquivos, etc.  
-Asistencia aos cursos de formación ofrecidos pola Biblioteca Central da \*Universidade de Vigo e pola Biblioteca da \*Facultade de \*Filloxía e \*Tradución

---

<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego</b>				
Materia	Tradución idioma 2, III: Inglés- Galego			
Código	V01G230V01609			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana Domínguez Araújo, Lara			
Profesorado	Domínguez Araújo, Lara Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	laradoar@uvigo.es lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Tradución inglés-galego é unha materia obrigatoria de 6 créditos ECTS situada no segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Tradución e Interpretación. A materia, maioritariamente de tradución directa, mantén estreitas relacións didácticas, pedagóxicas, conceptuais e procedimentais coas demais materias do grao, xa que afonda nas ferramentas do proceso tradutor, que lle servirán ó alumnado para encarar, por exemplo, o estudo das traducións especializadas, inversas, etc.			

### **Competencias de titulación**

<b>Competencias de titulación</b>	
Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A10	Capacidade de traballo en equipo
A17	Capacidade de tomar decisións
A18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
A22	Destrezas de tradución
A29	Formación universitaria específica
A31	Coñecementos de informática profesional e TAC
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
B4	Resolución de problemas
B7	Toma de decisións
B9	Razoamento crítico
B14	Motivación pola calidade
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes

### **Competencias de materia**

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Saber cales son os criterios que definen unha actuación pertinente, relevante e oportuna dentro da cultura de chegada e de partida, como afastarse deses criterios e que consecuencias terá esa decisión	A17 A18 A22	B2 B4
Aumentar a cultura xeral e dominar as convencións das culturas coas que traballa e, sobre todo, o papel do tradutor en ámbalas dúas.	A1 A2 A4 A17 A18 A31	B4 B9
Ser quen de se adaptar a un mercado laboral cambiante que esixe de contino novas especializacións temáticas	A17	B3 B9 B14
Estar ó día das innovacións tecnolóxicas que afectan o desenvolvemento da súa profesión: novas formas de comunicación, novas fontes documentais, novos soportes da información, novos sectores de mercado, etc.	A18 A22 A31	B3 B14 B16 B17

Relacionarse profesionalmente cos demais actores implicados no proceso de tradución: iniciador, cliente, informantes e expertos, receptores, etc. Isto é:	A10	B3
a) desenvolver habilidades para as relacións interpersoais e o traballo cooperativo;	A17	B4
b) aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar;	A18	B7
c) adquirir un compromiso ético ante o labor tradutor;	A22	B9
d) aprender a asumir responsabilidades;	A29	B14
e) aumentar o grao de confianza do alumno nas súas propias capacidades: autoconcepto de tradutor profesional;	A31	B17
f) crear un espírito crítico e autocrítico.		

Desenvolver un interese polo traballo responsable e eficaz e pola boa praxe profesional	A1	B2
	A2	B3
	A4	B4
	A10	B7
	A17	B9
	A18	B14
	A22	B17
	A29	
	A31	

## Contidos

Tema	
A tradución especializada de inglés a galego	Realidades, necesidades e posibilidades de tradución entre o inglés e o galego. Achegamento e recoñecemento da diversidade e amplitude do universo textual no ámbito especializado. Afondamento na identificación e análise contrastiva e tradutiva dos usos e convencións das linguas inglesa e galega.
Recursos para a tradución especializada de inglés a galego.	Terminoloxía, aplicacións, programas de apoio, ferramentas informáticas, documentación, recursos humanos.
A xestión e planificación do traballo de tradución de inglés a galego: decisións que inflúen na calidade e procedementos habituais do sector	Recreación do proceso de aceptación, xestión e realización dunha tradución no ámbito profesional (relación co cliente, prazos, formato, función, pasos previos ou posteriores, planificación, revisión, traballo en equipo...).
Tradución de textos de temática e dificultade variada de inglés a galego	Crítica e xustificación das decisións que se toman ao longo do proceso de planificación e xestión dunha tradución. Encargas e realización individual e colectiva de traballos de tradución reais ou textos susceptibles de seren traducidos no ámbito profesional. Os factores que inflúen no trasvase intercultural, o propósito da tradución, as implicacións culturais, as limitacións de formato, o paratexto. A adaptación, a tradución á vista. Crítica e xustificación das decisións que se toman ao longo do proceso de realización dunha tradución, desenvolvemento da pericia.
Revisión e corrección de textos: procedementos	Os símbolos de corrección, o alcance da revisión, tipos de revisión, o formato da revisión, a corrección lingüística e a revisión traductora.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	5	5	10
Debates	4	6	10
Metodoloxías integradas	12	36	48
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	11	22	33
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	5	7
Estudo de casos/análises de situacións	10	20	30
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	8	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición
Actividades introdutorias
Presentación da docente e do alumnado. Posta en común dos coñecementos previos e intereses particulares sobre a materia por parte do alumnado. Repaso das fontes de documentación útiles para a tradución entre inglés e galego.

Debates	Participación activa na posta en común razoada e crítica sobre as dúbidas, inqedanzas e lagoas xurdidas no transcurso das distintas tarefas realizadas ou encargadas na clase.
Metodoloxías integradas	Aplicación das destrezas e coñecementos desenvolvidos mediante as demais metodoloxías na realización de distintas tarefas propias da tradución profesional de inglés a galego.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Detección, investigación, resolución e xustificación dos numerosos casos e tipos de problemas de tradución que poden xurdir na tradución dos distintos exemplos e tipoloxías de textos propostos na clase.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a charlas, mesas redondas e actividades culturais relacionadas coa materia.
Estudo de casos/análises de situacións	Simulación de situacións reais de tradución e toma de decisións por parte de alumnado sobre os numerosos factores que inflúen na realización dun traballo de tradución de calidade (relación co cliente, prazos, formato, función, pasos previos ou posteriores, planificación, revisión, traballo en equipo...).

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Tanto durante as clases como nas horas de titoría, animarase ao alumnado a participar e propor liñas de traballo, debate ou investigación que sexan do seu interese persoal ou profesional. Recoméndase especialmente que aqueles alumnos que detecten lagoas nalgunha das competencias ou áreas de coñecemento necesarias para a superación da materia, se poñan en contacto coa docente, ben nas horas de clase, ben nas titorías, para que esta lles aconselle métodos ou lecturas para superalas de xeito autónomo antes da fin do cuadrimestre.
Probas	Descrición
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Tanto durante as clases como nas horas de titoría, animarase ao alumnado a participar e propor liñas de traballo, debate ou investigación que sexan do seu interese persoal ou profesional. Recoméndase especialmente que aqueles alumnos que detecten lagoas nalgunha das competencias ou áreas de coñecemento necesarias para a superación da materia, se poñan en contacto coa docente, ben nas horas de clase, ben nas titorías, para que esta lles aconselle métodos ou lecturas para superalas de xeito autónomo antes da fin do cuadrimestre.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Metodoloxías integradas	Realización e defensa dunha tradución especializada	25
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Aplicación das destrezas e coñecementos desenvolvidos mediante as demais metodoloxías na realización de tarefas propias da tradución profesional (encargos de tradución, revisión, etc.)	25
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realización de dúas probas presenciais	50

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dous sistemas de avaliación: continua e única. Estes son incompatibles e hai que optar por un ou outro nas primeiras sesións. Para acollerse á avaliación continua é preciso participar en todas as actividades da materia e realizar as probas e encargos correspondentes, así como asistir a un 80% das clases impartidas por cada docente. As metodoloxías descritas na sección "Avaliación" desta guía docente fan referencia á avaliación continua.

-----

A avaliación continua engloba a avaliación formativa na clase (proba diagnóstica, debate sobre solucións, erros e estratexias de tradución, corrección de textos) e a avaliación sumativa [isto é, a puntuación para a obtención da cualificación final] das seguintes probas ou encomendas:

- 1) Realización e defensa individuais dunha tradución especializada, á volta do período de traballo autónomo (25%).
- 2) Encomenda colectiva dunha tradución xustificada (25%).
- 3) Proba presencial de revisión e xustificación de traducións [que pode incluír a tradución dun texto], así como de coñecementos de xestión (25%).
- 4) Proba presencial de tradución de banda deseñada (25%).

Os puntos 1, 2 e 3 serán avaliados pola profesora Lara Domínguez e o punto 4 pola profesora Liliana Valado.

-----

A avaliación única consistirá nun exame presencial (60%) e nunha encomenda de tradución xustificada (40%). O exame consistirá na realización de tarefas e avaliación de coñecementos relacionados coa tradución profesional de inglés a galego. A/o alumna/o que desexe presentarse á avaliación única ou á segunda convocatoria deberá poñerse en contacto coas docentes un mes antes da finalización das clases (no caso de avaliación única) ou da data oficial de exame (no caso da segunda convocatoria) para informarse sobre as características da encarga de tradución, que deberá entregar no día da proba de avaliación presencial (única ou segunda convocatoria).

---

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

---

#### **Bibliografía (a bibliografía completarase nas clases):**

Baker, M. 2011. *A Course on Translation*. London: Routledge.

Gonzalo Garcia, C. y Garcia Yebra, V. (eds.) 2004. *Manual de documentación y terminología para la traducción especializada*. Madrid: Arco.

Hervey, S. et al. 2000. *Thinking Spanish Translation. A Course in Translation Method: Spanish to English*. London: Routledge.

López Guix, J. G. M. Wilkinson. 1999. *Manual de traducción, Inglés/Castellano*. Barcelona: Gedisa.

Mayoral Asensio, R. 2003. *Translating official documents*. Manchester: St. Jerome Publishing

Mamkjaer, K. & K. Windle (Eds.) 2011. *The Oxford Handbook of Translation Studies*. Oxford: Oxford University Press.

Mossop, B. 2001. *Revising and Editing for Translators*. Manchester: St. Jerome.

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01918

Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01801

Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01926

---



<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Tradución idioma 2, III: Inglés-Español</b>				
Materia	Tradución idioma 2, III: Inglés- Español			
Código	V01G230V01610			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Profesorado	Álvarez Raposeiras, Cayetana Teresa Rodríguez Rodríguez, Beatriz María			
Correo-e	brodriguez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia obrigatoria de 6 créditos ECTS está situada no segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Tradución e Interpretación. A materia, maioritariamente de tradución directa, mantén estreitas relacións didácticas, pedagóxicas, conceptuais e procedimentais coas demais materias do grao, xa que afonda nas ferramentas do proceso tradutor, que lle servirán ó alumnado para encarar, por exemplo, o estudo das traducións especializadas, inversas, etc.</p> <p>A materia concíbese como un espazo didáctico en que a/o alumna/o deberá alcanzar competencia na resolución de problemas de dificultade media de tradución de textos xerados en contextos xerais de dificultade media na combinación lingüística inglés &gt; español, sensibilizarse cos aspectos culturais dalgunha das comunidades de falantes da lingua estranxeira e desenvolver as súas habilidades e competencias profesionais na tradución de textos xerais de dificultade media redactados en inglés. Enténdese que o alumno está familiarizado cos principios metodolóxicos básicos da tradución, da tradución do inglés ao español (adquiridos a partir das materias □Tradución Idioma II, 1 inglés-español□ e □Tradución Idioma II, 2 inglés-español□) e que posúe coñecementos razoables das linguas de traballo. Dado que o inglés é a súa segunda lingua estranxeira, suponse que a súa competencia cultural no contexto das comunidades angloparlantes está nun nivel baixo-medio.</p>			

<b>Competencias de titulación</b>	
Código	
A1	Dominio de linguas estranxeiras
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
A7	Dominio de técnicas de tradución asistida/localización
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A12	Posuír unha ampla cultura
A17	Capacidade de tomar decisións
A21	Rigor e seriedade no traballo
A27	Capacidade de razoamento crítico
A32	Saber recoñecer a diversidade e multiculturalidade
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B4	Resolución de problemas
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B8	Compromiso ético e deontolóxico
B9	Razoamento crítico
B10	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade
B12	Traballo en equipo
B13	Traballo nun contexto internacional
B14	Motivación pola calidade
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B18	Creatividade
B19	Iniciativa e espírito emprendedor
B20	Lideranza

B23	Capacidade de traballo individual
B24	Deseño e administración de proxectos

<b>Competencias de materia</b>		
Resultados de aprendizaxe	Competencias	
O alumno será capaz de traducir textos de especialización.	A1 A3 A4 A5 A7 A17 A21	B1 B2 B4 B6 B7 B23
O alumno perfeccionará a súa competencia cultural.	A2 A7 A12 A32	B6 B7 B9 B10 B17
O alumno terá os coñecementos suficientes e as ferramentas necesarias para facer traducións de calidade xustificando as súas propostas.	A4 A17 A27	B1 B2 B6 B7 B9 B14
O alumno coñecerá o mercado da tradución inglés/español e as fontes disponibles para enfrentarse ós textos especializados.	A9	B8 B12 B13 B18 B19 B20 B23 B24

<b>Contidos</b>	
Tema	
Unidade 1. Introducción á tradución especializada do inglés ao castelán	Análise e tradución de textos especializados de temática variada (características dos textos, fontes de documentación e estratexias de trasvase)
Unidade 2. A tradución de textos editoriais de temática variada	Análise e tradución
Unidade 3. A tradución de textos xornalísticos. A profesora Cayetana Álvarez impartirá esta unidade.	Análise e tradución

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Titoría en grupo	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	16	22	38
Traballos de aula	10	3	13
Estudos/actividades previos	0	5	5
Proxectos	6	60	66
Actividades introdutorias	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	2	4
Estudo de casos/análise de situacións	10	10	20

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Titoría en grupo	Nas titorías grupais revisaránse as encomendas e proxectos e solventaranse as dúbidas dos alumnos.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividades de análise, identificación de problemas e estratexias de trasvase. Comentarios críticos de traducións xa feitas para avaliar a súa calidade
Traballos de aula	Tarefas planteadas na aula sobre a tipoloxía textual do temario.

Estudos/actividades previas Coñecemento de fontes de documentación e lecturas recomendadas.

Proxectos Análise de problemas de trasvase e toma de decisións nas que o alumno xustifique a súa escolla.  
Actividades introductorias Durante a primeira sesión explicaranse os obxectivos que se acadarán, o temario, a forma na que se desenvolve a docencia e o sistema de avaliación.

### Atención personalizada

